

CTO. GALEGO DE WÁTER-POLO XUVENIL MIXTO

Tempada 2017/18. Circular 17-47.

1.- Participación

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube.

1.2.- Poderán participar ademais, clubs non inscritos na FEGAN, con limitación do número de equipos en función de las posibilidades de organización. Os clubs de fora de Galicia, ademais dos gastos propios do Campionato, deberán aboar unha taxa anual de participación válida para todos os Campionatos, equivalente ao 50% da cota de Clube.

1.3.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de Water-polo.

1.4.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores segundo o ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.5.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 2000 e posteriores en categoría masculina e feminina.

2.- Inscripcións

2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 60 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubs que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do campionato galego xuvenil.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

3.- Calendario

3.1.- Celebrarase un campionato segundo calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicaríanse oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

3.2.- O clube organizador deberá dispoñer de piscina na xornada do sábado e domingo por se se dese o caso de precisar ambas.

4.- Sistema de xogo

4.1. En función do número de equipos inscritos, a FEGAN xunto co club organizador decidirá si se disputa en un ou dous días. O club que solicite a sede terá que cumprir o requisito de poder dispor da instalación 2 días por si fixera falta.

4.2.- Xogarase conforme á Normativa Xeral de Wáter-Polo.

4.3.- A FEGAN será quen decida que sistema de xogo a empregar.

4.4.- O sorteo será dirixido, en función da clasificación do ano pasado de tal forma que los primeiros clasificados na Copa non poderán cruzarse até unha hipotética final, e os equipos que participaron na mesma terán preferencia nos cruzamentos ante os equipos inscritos por primeira vez.

Exemplo para 6 equipos da liga máis 2 equipos novos:

1º Clasificado – Equipo Novo 1

4º Clasificado – 5º Clasificado

3º Clasificado – 6º Clasificado

2º Clasificado – Equipo Novo 2

4.5.- Cando un clube presente máis dun equipo, na medida do posible intentarase que non se crucen na primeira ronda.

4.6.- No caso de participación dun equipo de fora de Galicia, a Comisión Técnica de Wáter-polo decidirá o sorteo, debido a que o sistema de sorteo dirixido podería ser prexudicial para o equipo mellor clasificado en función do nivel do equipo novo, prexudicando en vez de premiar aos equipos participantes e mellor clasificados na liga.

5.- Obrigas dos equipos

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- Títulos e premios

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión do campionato e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

6.2.- O equipo Galego vencedor será o que teña dereito a disputar o Campionato de España Xuvenil.

A Coruña, 21 de xullo de 2017

Secretaría Xeral FEGAN